



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85PRO01

Criterios mínimos de avaliación e cualificación

Centro: Conservatorio Profesional de Danza de Lugo

Departamento de Danza Clásica

Curso: 2023 - 2024



Índice

1Repertorio_REP	4
3º CURSO	4
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	4
2º trimestre	5
3º trimestre	6
MÍNIMOS ESIXIBLES	7
4º CURSO	7
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	7
2º trimestre	8
3º trimestre	8
·MÍNIMOS ESIXIBLES	9
5º CURSO	9
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	9
2º trimestre	10
3º trimestre	10
MÍNIMOS ESIXIBLES	11
6º CURSO	12
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	12
2º trimestre	12
3º trimestre	13
MÍNIMOS ESIXIBLES	13
2Danza clásica Grao Elemental_DCL	14
1º CURSO	14
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	14
MÍNIMOS ESIXIBLES	15
2º CURSO	15
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	15
MÍNIMOS ESIXIBLES	16
3º CURSO	17
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	17
MÍNIMOS ESIXIBLES	18
4º CURSO	19
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	19
MÍNIMOS ESIXIBLES	20
3Danza clásica Grao Profesional_DCL	22



1º CURSO	22
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	22
MÍNIMOS ESIXIBLES	23
2º CURSO	25
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	25
MÍNIMOS ESIXIBLES	26
3º CURSO	28
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	28
MÍNIMOS ESIXIBLES	30
4º CURSO	32
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	32
MÍNIMOS ESIXIBLES	35
5º CURSO	36
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	36
MÍNIMOS ESIXIBLES	38
6º CURSO	39
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	39
MÍNIMOS ESIXIBLES	41
4Paso a dous_PAD	42
5º CURSO	42
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	42
MÍNIMOS ESIXIBLES	43
6º CURSO	44
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	44
MÍNIMOS ESIXIBLES	45
5Pantomima_PIN	45
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	45
MÍNIMOS ESIXIBLES	47
6Danza clásica da especialidade de Danza Contemporánea_DCC.....	47
1º CURSO	47
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	47
MÍNIMOS ESIXIBLES	49
2º CURSO	50
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	50
MÍNIMOS ESIXIBLES	52
3º CURSO	53
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	53
MÍNIMOS ESIXIBLES	55



4º CURSO	56
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	56
MÍNIMOS ESIXIBLES	58
5º CURSO	59
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	59
MÍNIMOS ESIXIBLES	60
6º CURSO	62
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	62
MÍNIMOS ESIXIBLES	63



1 Repertorio_REP

3º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º trimestre

- Aprender e interpretar unha peza en grupo na aula.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, executando os contidos técnicos da peza con corrección.

- Interpretar en público obras coreográficas de corpo de baile sempre que sexa posible dacordo ás normas de organización e funcionamento do centro.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

2º trimestre

- Aprender e interpretar dúas pezas de diferente estilo en grupo na au



Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, executando os contidos técnicos da peza con corrección.

- Interpretar en público obras coreográficas de corpo de baile sempre que sexa posible dacordo ás normas de organización e funcionamento do centro.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

3º trimestre

- Interpretar pezas de diferente estilo en grupo na aula.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, executando os contidos técnicos da peza con corrección.

- Interpretar en público obras coreográficas de corpo de baile sempre que sexa posible dacordo ás normas de organización e funcionamento do centro.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.



A cualificación da avaliación obtérase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Interpretar unha peza en grupo na aula.

Das pezas estudadas, interpretará unha delas na aula cunha técnica correcta adaptada o seu nivel na que amose limpeza e coordinación así como adaptación ao conxunto.

- Interpretar en público unha obra coreográfica de corpo de baile.

Das pezas estudadas, interpretará unha delas en público, cunha técnica correcta adaptada o seu nivel na que amose limpeza, coordinación, adaptación ao conxunto e conexión co público.

- Realizar un exercicio teórico que inclúa cuestións sobre os aspectos teóricos estudados así coma dos ballets ao que correspondan as coreografías estudadas e interpretadas no curso: contextualización, circunstancias históricas, características dos personaxes interpretados e diferenzas entre as distintas versión visionadas.

4º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Aprender e interpretar unha peza en grupo na aula.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, executando os contidos técnicos da peza con corrección.

- Interpretar en público obras coreográficas de corpo de baile sempre que sexa posible de acordo ás normas de organización e funcionamento do centro.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.



Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obtense da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

2º trimestre

- Aprender e interpretar dúas pezas de diferente estilo en grupo na aula.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, executando os contidos técnicos da peza con corrección.

- Interpretar en público obras coreográficas de corpo de baile sempre que sexa posible de acordo ás normas de organización e funcionamento do centro.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obtense da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

3º trimestre

- Interpretar pezas de diferente estilo en grupo na aula.

Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, executando os contidos técnicos da peza con corrección.

- Interpretar en público obras coreográficas de corpo de baile sempre que sexa posible de acordo ás normas de organización e funcionamento do centro.



Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

• **MÍNIMOS ESIXIBLES**

- Interpretar unha peza en grupo na aula.

Das pezas estudadas, interpretará unha delas na aula cunha técnica correcta adaptada o seu nivel na que amose limpeza e coordinación así como adaptación ao conxunto.

- Interpretar en público unha obra coreográfica de corpo de baile.

Das pezas estudadas, interpretará unha delas en público, cunha técnica correcta adaptada o seu nivel na que amose limpeza, coordinación, adaptación ao conxunto e conexión co público.

- Realizar un exercicio teórico que inclúa cuestións sobre os aspectos teóricos estudados así coma dos ballets ao que correspondan as coreografías estudadas e interpretadas no curso: contextualización, circunstancias históricas, características dos personaxes interpretados e diferenzas entre as distintas versión visionadas.

5º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º trimestre

- Interpretar na aula unha variación de repertorio clásico .

Con este criterio valorarase o grao técnico e a capacidade interpretativa do alumno así como a asimilación do carácter e estilo da variación escollida.



- Interpretar en público na aula e/ou na escena (sempre que sexa posible) unha variación de repertorio clásico .

Con este criterio valorarase a capacidade de asumir o papel asinado, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público, respetando o estilo e a técnica.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

2º trimestre

- Interpretar na aula dúas variacións de repertorio clásico de diferente estilos.

Con este criterio valorarase o grao técnico e a capacidade interpretativa do alumno así como a asimilación do carácter e estilo das variacións presentadas.

- Interpretar en público na aula e/ou na escena (sempre que sexa posible) unha variación de repertorio clásico .

Con este criterio valorarase a capacidade de asumir o papel asinado, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público, respetando o estilo e a técnica.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

3º trimestre

- Interpretar variacións de diferente estilo en grupo na aula.

Con este criterio valorarase o grao técnico e a capacidade interpretativa da alumna así como a asimilación do carácter e estilo das variacións presentadas.



- Interpretar en público obras coreográficas de corpo de baile sempre que sexa posible dacordo ás normas de organización e funcionamento do centro.

Con este criterio valorarase a capacidade de asumir o papel asinado, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público, respetando o estilo e a técnica.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Interpretar dúas variacións do repertorio de danza clásica de diferentes estilos na aula.

Das pezas estudadas, interpretará dúas delas na aula cunha técnica correcta adaptada o seu nivel na que amose limpeza e coordinación e asimilación do estilo e a técnica.

- Interpretar en público, sempre que sexa posible, unha variación de repertorio.

Das pezas estudadas, interpretará unha delas en público, cunha técnica correcta adaptada o seu nivel na que amose limpeza, coordinación, asimilación do estilo e e conexión co público.

- Realizar un exercicio teórico que inclúa cuestións sobre os aspectos teóricos estudados así coma dos ballets ao que correspondan as coreografías estudadas e interpretadas no curso: contextualización, circunstancias históricas, características dos personaxes interpretados e diferenzas entre as distintas versión visionadas.



6º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Interpretar na aula dúas variacións de repertorio clásico .

Con este criterio valorarase o grao técnico e a capacidade interpretativa do alumno así como a asimilación do carácter e estilo das variacións escollidas.

- Interpretar en público na aula e/ou na escena (sempre que sexa posible) unha variación de repertorio clásico .

Con este criterio valorarase a capacidade de asumir o papel asinado, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público, respectando o estilo e a técnica.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

2º trimestre

- Interpretar na aula dúas variacións de repertorio clásico de diferente estilos.

Con este criterio valorarase o grao técnico e a capacidade interpretativa do alumno así como a asimilación do carácter e estilo das variacións presentadas.

- Aprender e estudar unha variación de estilo diferente á estudada no 1º trimestre.

Con este criterio valorarase a capacidade da alumna para adecuarse técnica e estilisticamente á variación, sen perder a naturalidade e expresividade persoal.

- Interpretar en público na aula e/ou na escena (sempre que sexa posible) dúas variacións de repertorio clásico .

Con este criterio valorarase a capacidade de asumir o papel asinado, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público, respectando o estilo e a técnica.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.



Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

3º trimestre

- Interpretar variacións de diferente estilos na aula.

Con este criterio valorarase o grao técnico e a capacidade interpretativa da alumna así como a asimilación do carácter e estilo das variacións presentadas.

- Interpretar en público dúas variacións de diferentes estilos sempre que sexa posible de acordo ás normas de organización e funcionamento do centro.

Con este criterio valorarase a capacidade de asumir o papel asinado, facendo fluír sentimentos e personalidade, acadando a conexión emocional co público, respectando o estilo e a técnica.

- Realizar un traballo teórico, seguindo as indicacións do profesor.

Con este criterio valorarase se o alumno relaciona coñecementos e circunstancias históricas dos ballets, dentro das distintas épocas e estilos.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Interpretar tres variacións do repertorio de danza clásica de diferentes estilos na aula.
- Das pezas estudadas, interpretará dúas delas na aula cunha técnica correcta adaptada o seu nivel na que amose limpeza e coordinación e asimilación do estilo e a técnica.
- Interpretar en público, sempre que sexa posible, dúas variacións de repertorio.
- Das pezas estudadas, interpretará unha delas en público, cunha técnica correcta adaptada o seu nivel na que amose limpeza, coordinación, asimilación do estilo e e conexión co público.
- Realizar un exercicio teórico que inclúa cuestións sobre os aspectos teóricos estudados así coma dos ballets ao que correspondan as coreografías estudadas e interpretadas no curso:



contextualización, circunstancias históricas, características dos personaxes interpretados e diferenzas entre as distintas versións visionadas.

2 Danza clásica Grao Elemental_DCL

1º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar exercicios no que alumno identifique as diferentes partes do corpo e as súas posibilidades de movemento.
Con este criterio trátase de comprobar que o alumno aprendeu a dissociar o movemento decada parte e cal é a súa correcta colocación, así coma as sensacións musculares e límites articulares.
- Realizar exercicios que o profesor marque no momento, empregando distintos ritmos e velocidades adecuadas a este nivel.
Con este criterio, trátase de comprobar que o alumno aprendeu a moverse empregando distintas métricas musicais.
- Realizar exercicios que o profesor marque no momento con diferentes puntos de apoio.
Con este criterio, trátase de comprobar a correcta colocación do corpo, mantendo o eixo e na procura constante do emprazamento da pelve e control do torso para a obtención dunha base sólida segura.
- Realizar no centro un exercicio de movemento de brazos marcado polo profesor.
Con este criterio trátase de comprobar que o alumno aprendeu distintas sensacións durante o movemento dos brazos.
- Coñecer e recoñecer os pasos e conceptos básicos aprendidos programados neste curso, entendendo o seu vocabulario técnico e o seu significado.
Este criterio permite comprobar que o alumno aprendeu conceptos básicos de anatomía e técnicas de traballo muscular, así coma o nome dos pasos e o seu significado técnico na danza.
- Repetir e realizar no centro os exercicios estudados que o profesor marque no momento, empregando cambios de dirección no espazo.
Con este criterio trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do uso correcto do espazo.
- Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.
Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.
- Realizar exercicios de elasticidade muscular e flexibilidade articular, mantendo a correcta colocación do corpo.
Con este criterio comprobarase o grao de elasticidade e flexibilidade do alumno.
- Realizar fichas relacionadas co ballet que se estuda neste curso.
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, así coma o seu argumento, os personaxes, o coreógrafo e a música.



A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Facer un exercicio no que alumno identifique as diferentes partes do corpo e as súas posibilidades de movemento.
Valorarase que o alumno aprendeu a dissociar o movemento de cada parte e cal é a súa correcta colocación, así coma as sensacións musculares e límites articulares.
- Facer un exercicio con palmas, a ritmo binario no que se coordine con sentido rítmico e musicalidade.
Trátase de comprobar que o alumno aprendeu a moverse empregando distintas métricas musicais.
- Facer un exercicio no que se traballe o movemento en grupo e en diferentes espazos para desenvolver o sentido de unidade en relación cos demais e co entorno.
Con este criterio trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do uso correcto do espazo.
- Realizar un exercicio no que se traballen distintos puntos de apoio e se busque a procura dun eixo corporal correcto e interiorizado.
Trátase de comprobar a correcta colocación do corpo, mantendo o eixo e na procura constante do emprazamento da pelve e control do torso para a obtención dunha base sólida segura.
- Explicar sensacións como tensión, relaxación, elevación, empurre, e elasticidade.
Este criterio permite comprobar que o alumno aprendeu conceptos básicos de anatomía e técnicas de traballo muscular, así coma o nome dos pasos e o seu significado técnico na danza.
- Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.
Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.
- Facer fichas teóricas sobre os ballets vistos no curso identificando personaxes, argumento e música.
Comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, así como o seu argumento, os personaxes, o coreógrafo e a música.
- Identificar o vocabulario e a terminoloxía aprendidos neste curso.
Preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos aprendidos neste curso.

2º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer e recoñecer os pasos básicos aprendidos, entendendo o seu vocabulario técnico.



Este criterio permite comprobar que o alumno aprendeu o nome dos pasos e o seu significado técnico na danza.

- Realizar os exercicios aprendidos que compoñen a barra que o profesor marque no momento, empregando o tempo musical esixido neste nivel e a coordinación dos brazos, pernas e cabeza. Con este criterio trátase de comprobar a progresión na colocación do corpo, valorando ademais o control do eixo, o desenvolvemento do en dehors e das resistencias, para a obtención dunha base sólida e segura.
- Repetir e realizar no centro os exercicios estudados na barra que o profesor marque no momento.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do seu equilibrio e das direccións no espazo, empregando correctamente o tempo musical e a coordinación.

- Realizar un exercicio rítmico no que se coordine con musicalidade, paso marcha, palmas e galops en compás binario e ternario.
Con este criterio comprobarase que o alumno asimilou o tempo musical, o ritmo e aprendeu a moverse seguindo distintas métricas e velocidades.
- Realizar, seguindo as indicacións do profesor, os exercicios que irán desenvolvendo a técnica do salto (pequenos saltos nas dúas pernas).

Este criterio pretende comprobar o impulso ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o control e suxeición do demi plié para o empurre e a caída do salto, de dúas pernas, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto.

- Realizar exercicios de elasticidade muscular e flexibilidade articular, mantendo a correcta colocación do corpo.

Con este criterio comprobarase o grao de elasticidade e flexibilidade do alumno

- Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo docente.
Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.
- Reproducir e interpretar un exercicio de port de bras.
Este criterio pretende comprobar que o alumno interiorizou a colocación dos brazos e o torso e coordina o movemento coa cabeza e a mirada.
- Realizar fichas relacionadas cos ballets que se estudan neste curso.
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, así como o seu argumento, os personaxes, o coreógrafo e a música.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Explicar a finalidade do plié, do battement tendu e do temps levé así como as súas características, as súas fases e sensacións no corpo.



- Preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos aprendidos neste curso
- Identificar posicións en deors e en dedans.
Comprobar a progresión na colocación do corpo, valorando ademais o control do eixo, o desenvolvemento do en deors e das resistencias, para a obtención dunha base sólida e segura.
 - Realizar un exercicio rítmico no que se coordine con musicalidade, paso marcha, palmas e galops en compás binario e ternario.
Comprobarase que o alumno asimilou o tempo musical, o ritmo e aprendeu a moverse seguindo distintas métricas e velocidades.
 - Realizar un exercicio no que se inclúan movementos polo espazo identificando os diferentes puntos escénicos.
Valorarase que o alumno asimilou as diferentes direccións e puntos escénicos.
 - Realizar un exercicio no que o alumno diferencie a colocación do corpo en eixo e fóra del, traballando o relevé en 1ª, 2ª e 6ª.
 - Explicar sensacións como suxeición, peso.
Trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do seu equilibrio.
 - Facer un port de bras, que inclúa movementos de 1ª posición a 5ª e preparación.
Comprobar que o alumno interiorizou a colocación dos brazos e o torso e coordina o movemento coa cabeza e a mirada.
 - Realizar os exercicios que irán desenvolvendo a técnica do salto (pequenos saltos nas dúas pernas).
Comprobar o impulso ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o control e suxeición do demi plié para o empurre e a caída do salto, de dúas pernas, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto.
 - Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.
Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.

3º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer e recoñecer os pasos básicos aprendidos entendendo o seu vocabulario técnico. Este criterio de avaliación permite comprobar que o alumno aprendeu o nome dos pasos e o seu significado técnico na danza.
- Realizar exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel que o profesor marque no momento.



Con este criterio trátase de comprobar a progresión na colocación do corpo, valorando ademáis a súa coordinación e a potencia muscular para a obtención dunha base sólida e segura.

- Repetir e realizar no centro os exercicios que o profesor marque no momento, empregando a coordinación, o espazo e as direccións.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do seu equilibrio, da colocación do eixo corporal e das direccións no espazo e da coordinación nos movementos debrazos, pernas e cabeza.

- Reproducir e interpretar un exercicio en tempo de adagio con port de bras e diferentes posicións a térre.

Este criterio pretende comprobar a colocación dos brazos e o torso e a coordinación demovements.

- Realizar, seguindo as indicacións do profesor, os exercicios que irán desenvolvendo a técnica do salto (pequenos saltos nas dúas pernas).

Este criterio pretende comprobar o pulo ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o estiramento e forza do pé e do nocello, o centro e suxeición do demi plié para o empurre e arecepción do salto, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto e a coordinación de brazos e cabezas.

- Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos polo espazo marcados polo profesor no momento.

Búscase con este criterio observar o sentido do alumno respecto ao espazo, ás dimensións e ás direccións.

- Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.

Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.

- Valorar a actitude do alumno tendo en conta os seguintes aspectos: Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material emadurez.

- Realizar exercicios de elasticidade muscular e flexibilidade articular, mantendo a correcta colocación do corpo.

Con este criterio comprobarase o grao de elasticidade e flexibilidade do alumno

- Realizar fichas relacionadas co ballet que se estuda neste curso.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, así como o seu argumento, os personaxes, o coreógrafo e a música.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES



- Realizar os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel para a obtención dunha base técnica sólida e segura.
Deberá incluír : - Plies , batt.tendus , jetés , rond de jambe , batt.fondu a terre , batt. frappé e grand battement .
- Comprobar a progresión na colocación do corpo, valorando ademáis a súa coordinación e a potencia muscular para a obtención dunha base sólida e segura.
- Realizar os exercicios do centro dunha clase de ballet deste nivel empregando a coordinación,o espazo e as direccións no mesmo.
Trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do seu equilibrio, da colocación do eixocorporal e das direccións no espazo e da coordinación nos movementos de brazos, pernas e cabeza.
Deberá incluír :
- Un exercicio de adagio con pliés e port de bras. Comprobar a colocación dos brazos e o torso ea coordinación de movementos.
- Un exercicio de tendus e as diferentes direccións no espazo. Observar o sentido do alumno respecto ao espazo, ás dimensións e ás direccións.
- Un exercicio de saltos combinados sobre dúas pernas. Comprobar o pulo ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o estiramento e forza do pé e do nocello, o centro e suxeición do demi plié para o empurre e a recepción do salto, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto e a coordinación de brazos e cabezas.
- Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.
Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno /a.
- Facer fichas teóricas sobre os ballets vistos no curso , identificando personaxes , argumento, música e coreografía .
- Facer fichas teóricas nas que se identifique o vocabulario e a terminoloxía aprendidas neste curso .

4º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar todos os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel que o profesor ou a profesora marquen no momento.
Con este criterio, valorarase se o alumnado acadou unha correcta colocación,o control sobre o peso do corpo, a coordinación de pernas, brazos e cabeza, para a obtención dunha base sólida.
- Reproducir un exercicio de port de bras.
Este criterio pretende comprobar a correcta colocación dos brazos e a súa coordinación coaollada, a cabeza e a respiración.
- Realizar pequenas variacións de pasos que inclúan exercicios fundamentais da técnica do xiro en dehors e en dedans.



Con este criterio, comprobarase o control do eixe corporal, o sentido do equilibrio e a coordinación de torso, brazos, pernas e cabeza.

- Realizar exercicios de pequenos saltos sobre unha e dúas pernas que o profesor ou a profesora marquen no momento.

Este criterio pretende comprobar o controle a suxeición do demi plié no pulo e na recepción do salto, o control e a suxeición do torso, e a correcta utilización da pelve e das cadeiras neste.

- Coñecer e recoñecer os pasos básicos aprendidos e entender o seu vocabulario técnico. Este criterio de avaliación permite comprobar se o alumnado aprendeu o nome dos pasos e o seu significado técnico na danza.

- Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos polo espazo.

Con este criterio búscase observar o sentido do alumnado con respecto ao espazo, ás dimensións e ás direccións.

- Realizar no centro pequenas variacións con ritmos diferentes que o alumnado debe memorizar e reproducir.

Este criterio pretende comprobar a súa memoria e o seu sentido rítmico.

- Realizar exercicios de elasticidade muscular e flexibilidade articular, mantendo a correcta colocación do corpo.

Con este criterio comprobarase o grao de elasticidade e flexibilidade do alumno

- Realizar unha improvisación dun fragmento musical que o pianista toque no momento, a partir dunha escoita previa.

A través deste criterio, comprobarase se o alumnado desenvolveu a súa creatividade e expresión artística, así como tamén a musicalidade, a sensibilidade e o correcto emprego do espazo.

- En todos os exercicios valorarase o correcto emprego da respiración, así como a capacidade artística, a sensibilidade e a musicalidade do alumnado.

- Realizar fichas relacionadas co ballet que se estuda neste curso.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, así como o seu argumento, os personaxes, o coreógrafo e a música.

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de todo o vocabulario de danza impartido neste curso.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumnos aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos aprendidos neste curso.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES



- Realizar todos os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Demi pliés en 4ª, Jeté en cloche, Petit developpé pointé ou piqué, Rond de jambe en dehors e en dedans a 2º, Petit battement con acento diante e detrás, Battement fondu a 45º en cruz, Developpé e enveloppé en cruz, preparación de pirueta desde 5ª posición en dehors e en dedans, Grand battement encruz en 4 tempos. Pas de bourrée dessus e dessous, saíndo desde segunda.
Valorarase se o alumnado acadou unha correcta colocación, o control sobre o peso do corpo, a coordinación de pernas, brazos e cabeza, para a obtención dunha base sólida.
- Realizar no centro os exercicios estudados na barra que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Temps lié desde o tendu en avant e en arrière pasando por 4ª plié, Pas de basque en dehors e en dedans en 8 tempos,
Comprobar se o alumnado tomou conciencia da colocación do eixo corporal, do seu equilibrio, da coordinación de pernas, torso e cabeza e da correcta distribución dos movementos no espazo.
- Reproducir un exercicio de port de bras.
Comprobar a correcta colocación dos brazos e a súa coordinación coa ollada, a cabeza e a respiración.
- Realizar pequenas variacións de pasos que inclúan os exercicios fundamentais de preparación da técnica do xiro en dehors e en dedans: combinación de paso de vals con preparación de pirouette en 5ª en dehors e en dedans.
Comprobarase o control do eixe corporal, o sentido do equilibrio e a coordinación de torso, brazos, pernas e cabeza.
- Realizar exercicios de pequenos saltos sobre unha e dúas pernas que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Changement, Soubresaut. Glissade. Pas de chat porcoupés
.
Pretende comprobar o control a suxeición do demi plié no pulo e na recepción do salto, o control e a suxeición do torso, e a correcta utilización da pelve e das cadeiras neste.
- Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.
Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.
- Coñecer e recoñecer os pasos relacionados nos anteriores apartados e entender o seu vocabulario técnico.
- Realizar fichas relacionadas co ballet que se estuda neste curso para comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, así como o seu argumento, os personaxes, o coreógrafo e a música



3

4 Danza clásica Grao Profesional_DCL

1º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.
- Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque, tendo en conta o nivel e coñecemento de exercicios da programación deste curso.
O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou coa colocación e coordinación necesaria os exercicios deste nivel.
- Realizar un exercicio de tendus no centro.
Con este criterio valorarase se o alumno realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, e coas diferentes direccións, cos seus brazos e os epaulement de cada un deles.
- Executar un exercicio de adagio.
Con este exercicio comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio de temps lie, execución do developpé coa suxeición da posición no aire, a colocación do corpo, a suxeición da perna portante e a extensión. O promenade sen perder a boa alineación do corpo.
- Realizar algún exercicio de barra no centro (fondu, frappé, petit battement, grand battement, etc.).
Con este exercicio comprobarase se o alumno acadou o control do peso sobre unha perna no traballo a pé plano e a relevé, e o control do eixo nos cambios de dirección.
- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e en dedans.
Con este criterio comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirouete simple, a coordinación para o impulso do xiro (brazos, torso e cabeza) o paso da cabeza e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Valorarase nos vales que se incorporen ao exercicio o tempo musical, o emprego flexible e continuado do plié para acadar a fluidez nodesprazamento e a limpeza dos pés, así como tamén a respiración, a coordinación e a musicalidade do movemento.
- Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos e técnica inicial de batería.
Con este exercicio, comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto, a suxeición do torso e a elevación da pelve, a coordinación das pernas, brazos e cabeza, a elasticidade do plié e a correcta colocación do pé.
- Realizar algún exercicio de puntas na barra e no centro.



Con este criterio, trátase de comprobar que a alumna acadou a correcta colocación do pé na zapatilla de punta, sobre os dous pés e sobre un pé, e a comprensión da colocación dos pés na subida e baixada da punta.

- Realizar un exercicio específico de xiros da técnica de varóns.
Con este exercicio, comprobarase que o alumno mellorou o sentido dinámico do xiro.
- Realizar un exercicio específico de saltos da técnica de varóns.
Con este criterio, valorarase que o alumno acadou maior flexibilidade do plié para a saída e caída do salto.
- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.
Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno. Valorar a actitude do alumno tendo en conta os seguintes aspectos: Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.
- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización. En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización
- Realizar os exercicios dunha barra que inclua: souplesses e cambrés con tendu devant e a la seconde, - souplesse circular en dehors e en dedans, battement tendu en tournant ($\frac{1}{4}$ xiro) jetés con pointé, Rond de jambe en l'air en dehors e en dedans, Double fondu a dobre tempo, Grand rond de jambe a 45° en dehors e en dedans, doublé frappé a la seconde, Pas de bourrée en tournant completo en dehors e en dedans, Developpé e enveloppé ligado (a tendu).
O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou coa colocación e coordinación necesaria os exercicios deste nivel.
- Realizar un exercicio de tendus no centro que incluan tendus e jetés en tournant ($\frac{1}{8}$ de xiro)
Con este criterio valorarase se o alumno realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, e coas diferentes direccións, cos seus brazos e os epaulement de cada un deles.



- Executar un exercicio de adagio que inclua Temp liés saíndo desde o coupé ou o retirérematando en posición en l'air a 45° devant e a la seconde, Pas de basque en dedans en 4 tempos e en dehors en 2 tempos, promenade en retire (completo), equilibrios en posicións en l'air a 45° a pe plano. Con este exercicio comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio de temps lie, execución do developpé coa suxeición da posición no aire, a colocación do corpo, a suxeición da perna portante e a extensión. O promenade sen perder a boa alineación do corpo.
- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e ½ en dedans dende 5ª posición e dende 4ª posición, e na diagonal, piques en dedans a 2 tempos, soutenus a 2 tempo. Vals al efface
Con este criterio comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirouete simple, a coordinación para o impulso do xiro (brazos, torso e cabeza) o paso da cabeza e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Valorarase nos vales que se incorporen ao exercicio o tempo musical, o emprego flexible e continuado do plié para acadar a fluidez nodesprazamento e a limpeza dos pés, así como tamén a respiración, a coordinación e a musicalidade do movemento.
- Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (temps levés en todas as posicións, sobresaut con desprazamento en avant, petit sissone ao coupé seguido dun chasé en cruz, sissone fermé en avant e á second, glissade en avant, assemblé en avant, echappé quecae ao coupé) e técnica inicial de batería (echappés batindo ao cerrar)
Con este exercicio, comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto, a suxeición do torso e a elevación da pelve, a coordinación das pernas, brazos e cabeza, a elasticidade do plié e a correcta colocación do pé.
- Realizar algún exercicio de puntas na barra que inclúa: relevés en todas as posicións, Soussus, Desde o fondu coupé a relevé 5ª soussus, Coupé devant e derrière ao releve, Echappés á 2ª, Pas de bourrée por soutenu dessus e dessous, Relevés con plié en punta, Pas courrus con e sendesprazamento, Doble echappé, Piqué balloné á second. Realizar un exercicio específico de xiros da técnica de varóns que inclua Pirouette en dehors saindo dende a 2ª
Con este exercicio, comprobarase que o alumno mellorou o sentido dinámico do xiro.
- Realizar un exercicio específico de saltos da técnica de varóns, que inclua Assemblé soutenu, Soubresaut, Jetés temps levés continuados (2 ou 4), Changement soutenu. Emboités, Echappé e grand echappé
Con este criterio, valorarase que o alumno acadou maior flexibilidade do plié para a saída e caída do salto.
- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.
Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo a musicalidade do alumno



2º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.
- Realizar os exercicios da barra que o profesor marque no momento, tendo en conta o nivel e coñecemento dos pasos da programación deste curso.
O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias, os exercicios deste nivel.
- Realizar un exercicio de tendus no centro
Con este criterio valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo e cos seus brazos e epaulements correspondentes.
- Executar un exercicio de adagio
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno progresou na execución dos temp liés e developpés, obtendo unha maior extensión das pernas. No promenade en attitude e arabesque valorarase a boa aliñación do corpo. Valorarase que os exercicios se realicen de forma ligada.
- Realizar un exercicio da barra no centro
Con este criterio preténdese comprobar se o alumno consolidou o traballo do control do peso a pé plano e a releve.
- Executar algún exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en dehors e en dedans.
Con este criterio valorarase a coordinación dos movementos nas dobres piruetas en dehors e en dedans e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Tamén se valorará o control do corpo no inicio das medias piruetas en grandes posicións. Asimesmo, comprobarase que o alumno/a realiza os valeses de forma fluída e flexible.
- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.
Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso
- Executar un exercicio de batería
Con este criterio de avaliación preténdese comprobara limpeza, axilidade e coordinación de pés e pernas na execución da pequena batería.
- Realizar no centro un exercicio de grandes saltos



Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a amplitude e elevación nos saltos, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire.

- Realizar no centro un exercicio de puntas para as alumnas que inclúa relevés sobre unha perna en diferentes posicións.

Con este criterio preténdese comprobar a flexibilidade e suxeición necesarias dos pés dentro da zapatilla de punta. Valorarase a correcta subida e baixada da punta na execución dos exercicios.

- Realizar un exercicio que inclúa piruetas simples coas zapatillas de puntas.

Con este criterio valorarase a correcta subida e baixada da punta na execución do xiro así como a correcta coordinación de brazos, tronco e cabeza.

- Realizar un exercicio específico de xiros da técnica de varóns propio deste nivel.

Con este exercicio, comprobarase que o alumno progresou no sentido dinámico do xiro.

- Realizar un exercicio específico de pequenos saltos e batería., específicos da técnica de varóns propio deste nivel.

Con este criterio, valorarase que o alumno executa os saltos coa elevación, potencia e axilidade necesarias.

- Realizar un exercicio de grandes saltos específico da técnica de varóns axeitados a este nivel.

Con este criterio comprobarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia nos saltos así como o correcto traslado no corpo no aire empregando axeitadamente o espazo.

- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.

Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno

- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno. A cualificación da avaliación obtense da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización

- Realizar os exercicios da barra que o profesor marque no momento, entre os que se inclúan os seguintes movementos aprendidos ao longo do curso (souplesse en avant a relevé, degagé lento desde 5ª subindo a relevé e baixando sen plié, frappé desde coupé estirado, petit



battement serré, dobre frappé en arriere, ½ flic-flac en dehorse, relevés seguidos en coupe, grand rond de jambe a 45° en relevé en dehors e en dedans)

O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias, os exercicios deste nivel.

- Realizar un exercicio de tendus e jetes no centro, que inclúa tendus en tournant en dehors e en dedans (1/4).
Valorarase que o alumno executa o battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen perder o eixo.
- Executar un exercicio de adagio que inclúa temp liés an l'air a 45° en cruz (a pe plano), promenades en retiré en dehors e en dedans e developpés en cruz. Pas de basque en dehors e en dedans en 2 tempos. Tendu seguido de medio fouetté en dehor e en dedans porpromenade. Con este criterio preténdese comprobar que o alumno progresou na execución dos temp liés e developpés, cunha correcta aliñación do corpo.
- Realizar un exercicio da barra no centro Con este criterio preténdese comprobar se o alumno consolidou o traballo do control do peso a pé plano.
- Executar algún exercicio de valeses, no que se inclúan piruetas simples en dehors e en dedans. Con este criterio valorarase que o alumno controla realiza correctamente os xiros simples. Asimismo, comprobarase que o alumno/a realiza os valeses de forma fluída e flexible.
- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.
Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso.
- Executar un exercicio de batería, que inclúa echappé batindo ao abrir.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a axilidade e coordinación de pés e pernas na execución da pequena batería.
- Realizar no centro un exercicio de grandes saltos, que inclúa tombe pas de bourre glissade pas de chat e assemblé porté, sissonne fermé e ouvert en avant e sissone-failli-assemblé.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar se o alumno realiza executa con corrección os entrepasos e realiza os grandes saltos coa amplitude propia deste nivel.
- Realizar un exercicio que inclúa piqués en dedans e soutenus con desprazamentos en diagonal.
Con este criterio preténdese comprobar se o alumno comprende a dinámica dos xiros continuados e os executa con coordinación.
- Realizar no centro un exercicio de puntas para as alumnas que inclúa relevés sobre dúas pernas, echappés e piqués a unha perna.
Con este criterio preténdese comprobar a flexibilidade e suxeición necesarias dos pés dentro da zapatilla de punta.
- Realizar un exercicio específico de xiros da técnica de varóns propio deste nivel.
Con este exercicio, comprobarase que o alumno progresou no sentido dinámico do xiro.



- Realizar un exercicio específico de pequenos saltos e batería, específicos da técnica de varóns propio deste nivel.
Con este criterio, valorarase que o alumno executa os saltos coa elevación, potencia e axilidade necesarias.
- Realizar un exercicio de grandes saltos específico da técnica de varóns axeitados a este nivel.
Con este criterio comprobarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia nos saltos así como o correcto traslado no corpo no aire empregando axeitamente o espazo. En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

3º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.
- Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor no momento.
Con este criterio valorarase que o alumno realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta facendo fincapé no emprazamento correcto do eixo con amplitude dos movementos.
- Realizar un exercicio de tendus no centro .
Con este criterio valorarase que o alumno executa, sen descolocar o eixo, as diferentes combinacións que inclúan cambios de direccións, cos seus correspondentes brazos e épaulements.
- Realizar un exercicio de adagio no centro.
Con este criterio comprobarase que o alumno controla o equilibrio e executa os movementos ligados con amplitude, amosando a sensibilidade e expresividade propias destes exercicios.
- Realizar exercicios de xiros e dobres xiros no centro
- Con este criterio valorarase que o alumno realiza os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante; que coordina no impulso os brazos, torso e cabeza e que controla o remate das piruetas nas distintas posicións.
- Realizar un exercicio que inclúa xiros con posicións en l'air no centro e na diagonal.
Con este criterio valorase que o alumno executa as piruetas cun control do eixo sobre perna portante mantendo a posición en l'air ata o remate da mesma. Todo isto coa coordinación no impulso dos brazos, torso e cabeza.



- Realizar exercicios de xiro e dobre xiro que inclúan desprazamentos en diagonal.
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno executa os xiros de forma ligada, con velocidade e definición no espazo. Todo isto coa correcta coordinación de brazos, torso, e cabeza.
- Realizar exercicios de pequenos e medianos saltos que inclúan combinacións con batería.
Con este criterio valorarase que o alumno executa as combinacións de saltos con axilidade, limpeza e coordinación dentro do ritmo axeitado, amosando a batería no aire.
- Realizar exercicios que inclúan combinacións de grandes saltos.
Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e elevación nos saltos así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire.
- Realizar exercicios que inclúan as diferentes subidas á punta: releve, pique sobre unha perna no centro e sauté sobre dúas pernas.
Con este criterio preténdese comprobar que a alumna emprega a forza necesaria para o control das subidas e das baixadas.
- Realizar diferentes exercicios de xiros en puntas que inclúan: xiros en deors, en dedans, por piqué, por relevé.
Con este criterio valorarase que a alumna executa os xiros coa correcta colocación do eixo sobre as zapatillas de puntas, que coordina no impulso os movementos de cabeza, torso e brazos
- Realizar diferentes exercicios de xiro desde a diagonal.
Con este criterio valorarase que a alumna executa coa correcta colocación os xiros de forma ligada, con velocidade e definición no espazo, trasladando o eixo sobre á perna portante, todo isto coa correcta coordinación de brazos, torso, e cabeza
- Realizar exercicios de pequenos, medianos e grandes saltos coas zapatillas de puntas.
Con este criterio valorarase que alumna realiza os movementos con naturalidade e lixeireza, controlando as recepcións do salto sen perder a aliñación dos pés no aire. En todos os exercicios de puntas valorarase a súa execución con suavidade e sensación de lixeireza.
- Realización de diferentes exercicios de xiros dobres “ en deors” e “en dedans” para varóns.
Con este criterio valorarase que o alumno realiza os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante; que coordina no impulso os brazos, torso e cabeza, que controla o remate das piruetas nas distintas posicións e que executa as piruetas coa potencia e a velocidade propias dos varóns.
- Realización de diferentes exercicios para varóns que inclúan xiros con posicións en l´air combinados con sautillés .
Con este criterio comprobarase que o alumno executa as piruetas cun control do eixo sobre perna portante mantendo a posición en l´air ata o remate da mesma. Todo isto coa coordinación no impulso dos brazos, torso e cabeza e coa potencia e velocidade propias dos varóns.



- Realización de exercicios para varóns de tour en l´air, dobres, e sinxelos finalizando en diferentes posicións
Con este criterio comprobarase que o alumno executa o exercicios coa coordinación no impulso dos brazos, torso e cabeza e coa potencia e velocidade propias dos varóns, tendo en conta o empurre na saída do salto e a precisión nas recepcións nas distintas posicións.
- Realización de exercicios que combinen saltos de batería con grandes saltos para varóns.
Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia nos saltos así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire, empregando axeitadamente o espazo.
- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical
Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno.
- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización
- Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque, tendo en conta o nivel e coñecemento de exercicios da programación deste curso. Incluirá: Souplesse circular en dedans en relevé, Souplesse circular en dehors en relevé, Fondus en tournant por $\frac{1}{4}$ de xiro, Flic Flac completo en dehors, Grand rond de jambe en dehors con acento atrás, que parte do en cloche en relevé a 45° , ligado e en un tempo., Grand rond de jambe en dedans con acento diante, que parte do en cloche en relevé, a 45° , ligado en dous e 1 tempo, Combinar grand battement con tombé e retornar a pé plano.
- Realizar un exercicio de tendus no centro que incluan tendus e jetés en tournant (eface, croisé e écarté) , combinados con piruetas ligadas de 5ª (4).
Valorarase se o alumno realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, e a boacoordinación de brazos e cabeza nas diferentes direccións.



- Realizar un exercicio de adagio que inclúa: Temp liés saíndo desde retiré en relevé picando a 90° e baixando a pé plano, en avant. Promenade en attitude, Fondú a rélevé devant e fouette por promenade
- Realizar un exercicio de piruetas que inclúa: valeses en diferentes direccións, xiros dobres en 4ª en dehors e en dedans, cun correcto traballo da cabeza, coordinación dos brazos e control do eixo.
- Realizar un exercicio de pequenos e medianos saltos que inclúa: sissonne coupe xirando por ¼ combinado con assemblé, Ballotés a 45° por developpé
- Executar un exercicio de batería, que inclúa entrechat quatre, echappés battus na saída ou no peche, jeté battu, assemblé battu.
Comprobar a axilidade e coordinación de pés e pernas na execución da pequena batería.
- Realizar una combinación de grandes saltos que inclúa sissonne ouvert en arriere, Sissone ouvert á 2ª, possé , assemblé, Glissade temp leve á 2ª, Grand jeté en tournant ou entrelacé. Valorarase a corrección no impulso e aterrizaaxe do salto e o control do espazo no desprazamento.
- Realizar exercicios en diagonal que inclúan tour piqué en dedans dobre e en dehors simple, e dous emboités en dedans por plié relevé.
Con control do eixo e do espazo así como con coordinación de brazos torso e cabeza.

PUNTAS

- Realizar exercicios de barra de puntas que inclúan: Cambré ,dégage relevé diante e derrière, Rond de jambe en l'air (45°), Chassé á second a réleve coupé (fronte a barra), Chassé en avant a retiré, Sissonne a 2ª fronte a barra
Amosando a forza requirida nos pes e as pernas así como o control na elevación e nodescenso.
- Realizar exercicios en puntas que inclúan os seguintes pasos: chassé en avant e a 2ª a rélevé, pass de bourrées, réleves continuados en coupé (2) e échappeés xirados por 1/4.
- Realizar exercicios en puntas que inclúan: piruetas de 5ª en dehors e en dedans; piruetas continuadas de 5ª en dehors(2); piruetas simples de 4ª en dehors e en dedans.
Coordinando os movementos de cabeza, torso e corpo así como o impulso e o eixo. Realizar na diagonal 4 piqués en dedans, 2 piqués en dehors, combinados con soutenus.
Valorarase o correcto traslado do eixo no desprazamento e a coordinación de brazos, torso e cabeza.

VARÓNS

- Realizar un exercicio de piruetas que inclúa: pirueta dobre en 4ª en dehors e en dedans dobre; en 5ª en dehors e en dedans dobre; pirueta simple en dehors á 2ª, con potencia, velocidade e control do eixo así como coordinación de brazos e cabeza.
- Realizar un exercicio que inclúa piruetas a 2ª continuadas (2). Piruetas en attitude e en arabesque simples. Valorarase a correcta colocación da posición en l'air así como o control do



eixo, a velocidade adecuada e a coordinación no impulso e no desenvolvemento dos brazos, cabeza e torso.

- Realizar un exercicio de tour en l'air sinxelo finalizando en 5ª.
- Realizar un exercicio de grandes saltos que inclúa cabrioles en tódalas posicións ,saut de basque e assemblé en tournant, sissonne ouvert á segunda posé assemblé.

Valorando a suxeición da posición da posición no aire así como a amplitude e potencia dos saltos e a sincronización de impulsos nos entrepasos e a utilización correcta do espazo.

- Realizar un saúdo improvisado a ritmo de vals e 16t.de duración.
Valorarase o sentido creativo e a musicalidade

4º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e re-coñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.

- Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor marque no momento.

Con este criterio valorarase que o alumno realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta, así como tamén que coñece a totalidade dos pasos que compoñen a barra dunha clase de danza clásica dese nivel.

- Realizar un exercicio de adagio con relevés no centro.

Con este criterio comprobarase que o alumno ten un emprazamento correcto do eixo nos movementos a pé plano e a relevé, que acadou maior flexibilidade na extensión das pernas e que executa os movementos de forma ligada, coa amplitude, sensibilidade e expresividade requirida pola música.

- Realizar un exercicio no que se combinen vales e piruetas dobres en dehors e en dedans en todas as posicións, xiros en posicións en l'air, así como tamén piruetas continuadas.

Con este criterio valorarase que o alumno realiza dobres piruetas con coordinación e sen perder a aliñación do corpo, amosando precisión no impulso e no remate dos xiros nas distintas posicións. Nas piruetas en posicións en l'air valorarase que o alumno mantén a posición no aire ata o remate da mesma. Todo isto coa limpeza e a fluidez nos entrepasos e nos vales das combinacións, cunha correcta utilización do espazo.

- Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúan dobres xiro combinando con xiros en posicións en l'air por piqué e por releve.



Con este criterio comprobarase se os alumnos realizan os movementos de forma ligada, con coordinación e con velocidade, mantendo a posición ao longo de todo o xiro e sen perden a colocación do eixo do corpo.

- Realizar un exercicio de xiros que inclúa desprazamentos en manège.

Con este criterio valorarase que o alumno executa correctamente os cambios de dirección no espazo.

- Realizar un exercicio de saltos pequenos e medianos de batería que o profesor marque no momento.

Con este criterio valorarase que o alumno executa as combinacións de saltos con axilidade, velocidade, limpeza e coordinación, mantendo a suxeición do en deors no momento da batida no aire.

- Realizar un exercicio de grandes saltos desde a diagonal, nos que se inclúan os saltos xirados e batidos propios deste nivel.

Con este exercicio comprobarase que o alumno acadou a potencia no impulso, a suxeición, amplitude e elevación da posición no aire, así como tamén a coordinación do corpo nos saltos xirados. Por outra banda valorarase a sincronización de impulsos nos entrepasos e medianos saltos que se inclúan nas combinacións, así como o correcto manexo do espazo.

- Realizar no centro exercicios que inclúan equilibrios en puntas sobre unha perna en diferentes posicións.

Con este criterio valorarase a forza, o equilibrio, o control muscular e a aliñación do eixo sobre a perna portante así como a suavidade dos brazos e a correcta colocación do torso.

- Realizar exercicios que inclúan relevés continuados en posicións en l'air, incluíndo $\frac{1}{4}$, $\frac{1}{2}$ e xiros completos coas zapatillas de puntas.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna emprega a forza necesaria para o control das subidas e das baixadas, mantendo a posición en l'air e coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza.

- Realizar exercicios que inclúan xiros continuados e tour fouettes coas zapatillas de punta.

Con este criterio valorarase que a alumna emprega a forza necesaria para as correctas subidas e baixadas, coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza, coa velocidade e dinámica necesarias na execución destes xiros.

- Realizar exercicios que inclúan xiros combinados en manège coas zapatillas de puntas.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa de forma ligada e con velocidade os xiros empregando correctamente o espazo. Todo isto coa dinámica e control nas subidas e nas baixadas, coordinando brazos, torso e cabeza.

- Realizar saltos continuados sobre unha punta.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa coa forza e a axilidade o salto sobre a punta, controlando o equilibrio e mantendo a colocación de brazos e torso.

*En todos os exercicios de puntas valorarase a súa execución con suavidade, naturalidade e sensación de lixeireza.



- Realizar un exercicio para varóns que inclúa xiros dobres e triples en dehors e en dedans, en posicións en l'air e tours en l'air con diferentes terminacións (incluíndo posicións no chan). Con este criterio valorarase que o alumno realiza os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante, que coordina o impulso dos brazos, do torso e da cabeza, que controla o remate das piruetas en posicións de maior dificultade e que executa os xiros coa potencia e a velocidade propias dos varóns.
- Realizar un exercicio para varóns de piruetas continuadas á segunda, combinadas con sautillés. Con este criterio comprobarase que o alumno executa as piruetas controlando o eixo sobre a perna portante e mantendo a posición á segunda ata o remate de mesma. Todo isto coa coordinación dos brazos do torso e da cabeza no impulso e coa potencia e velocidade propia dos varóns.
- Realizar un exercicio de pequena batería continuada específico da técnica de varóns axeitados a este nivel.
Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a velocidade, axilidade e limpeza nos movementos, así como a elevación do salto no aire.
- Realizar un exercicio de grand allegro nos que se inclúan dobres xiros e batería nos saltos específico da técnica de varóns axeitados a este nivel.
Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia no salto, a coordinación de brazos, torso e cabeza nos saltos xirados, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire, cun correcto emprego do espazo.
- Realizar un exercicio que combine grandes saltos en manège específico da técnica de varóns axeitados a este nivel.
Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia no salto, a coordinación de brazos, torso e cabeza nos saltos xirados, así como tamén o correcto traslado do corpo no aire, cun correcto emprego do espazo.
*Nos exercicios específicos de puntas e varóns poderanse pedir todos aqueles contidos que se estean traballando na clase de repertorio clásico.
- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.
Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade.
*En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.
- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización

Con este criterio comprobarase a capacidade do alumno para superar os factores subxectivos e ambientais que poidan influírlle no seu rendemento.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.



MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización
- Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor marque no momento.
Con este criterio valorarase que o alumno realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta, así como tamén que coñece a totalidade dos pasos que compoñen a barra dunha clase de danza clásica dese nivel.
- Realizar un exercicio de adagio con relevés no centro.
Con este criterio comprobarase que o alumno ten un emprazamento correcto do eixo nos movementos a pé plano e a relevé, que acadou maior flexibilidade na extensión das pernas e que executa os movementos de forma ligada, coa amplitude, sensibilidade e expresividade requirida pola música.
- Realizar un exercicio no que se combinen valeses e piruetas dobres en deors e en dedans.
Con este criterio valorarase que o alumno realiza dobres piruetas con coordinación e sen perder a aliñación do corpo, amosando precisión no impulso e no remate dos xiros nas distintas posicións. Todo isto coa limpeza e a fluidez nos entrepasos e nos valeses das combinacións, cunha correcta utilización do espazo.
- Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúa piqués en dedans dobres combinados con piqués simples en deors e deboulés.
Con este criterio comprobarase se os alumnos realizan os movementos de forma ligada, con coordinación e con velocidade, mantendo a posición ao longo de todo o xiro e sen perder a colocación do eixo do corpo.
- Realizar exercicios que inclúan xiros coas zapatillas de punta.
Con este criterio valorarase que a alumna emprega a forza necesaria para as correctas subidas e baixadas, coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza, coa velocidade e dinámica necesarias na execución destes xiros.
*En todos os exercicios de puntas valorarase a súa execución con suavidade, naturalidade e sensación de lixereza.
- Realizar un exercicio de técnica específica de varóns que inclúa dobres xiros, piruetas continuadas (4), dobre tour, entrechats e batería simple e grandes saltos con cabrioles.
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou a dinámica do xiro propio de varóns, dos saltos xirados. O alumno deberá realizar a batería simple con limpeza e os grandes saltos con forza e suspensión no aire.

*Nos exercicios específicos de puntas e varóns poderanse pedir todos aqueles contidos que se estean traballando na clase de repertorio clásico.



En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

5º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.
- Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor marque no momento.
Con este criterio valorarase que o alumno realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta, así como tamén que coñece a totalidade dos pasos que compoñen a barra dunha clase de danza clásica dese nivel.
- Realizar un exercicio de adagio con relevés no centro.
Con este criterio comprobarase que o alumno ten un emprazamento correcto do eixo nos movementos a pé plano e a relevé, que acadou maior flexibilidade na extensión das pernas e que executa os movementos de forma ligada, coa amplitude, sensibilidade e expresividade requirida pola música.
- Realizar un exercicio no que se combinen vales e piruetas dobres en dehors e en dedans en todas as posicións, xiros en posicións en l'air, así como tamén piruetas continuadas.
Con este criterio valorarase que o alumno realiza dobres piruetas con coordinación e sen perder a aliñación do corpo, amosando precisión no impulso e no remate dos xiros nas distintas posicións. Nas piruetas en posicións en l'air valorarase que o alumno mantén a posición no aire ata o remate da mesma. Todo isto coa limpeza e a fluidez nos entrepasos e nos vales das combinacións, cunha correcta utilización do espazo.
- Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúan dobres xiros combinados con xiros en posicións en l'air por piqué e por releve.
Con este criterio comprobarase se os alumnos realizan os movementos de forma ligada, con coordinación e con velocidade, mantendo a posición ao longo de todo o xiro e sen perden a colocación do eixo do corpo.
- Realizar un exercicio de xiros que inclúa desprazamentos en manège.
Con este criterio valorarase que o alumno executa correctamente os cambios de dirección no espazo. Realizar un exercicio de saltos pequenos e medianos de batería que o profesor marque no momento
- Con este criterio valorarase que o alumno executa as combinacións de saltos con axilidade, velocidade, limpeza e coordinación, mantendo a suxeición do en dehors no momento da batida no aire.
- Realizar un exercicio de grandes saltos desde a diagonal, nos que se inclúan os saltos xirados e batidos propios deste nivel.



Con este exercicio comprobarase que o alumno acadou a potencia no impulso, a suxeición, amplitude e elevación da posición no aire, así como tamén a coordinación do corpo nos saltos xirados. Por outra banda valorarase a sincronización de impulsos nos entrepasos e medianos saltos que se inclúan nas combinacións, así como o correcto manexo do espazo.

- Realizar no centro exercicios que inclúan equilibrios en puntas sobre unha perna en diferentes posicións.

Con este criterio valorarase a forza, o equilibrio, o control muscular e a aliñación do eixo sobre a perna portante así como a suavidade dos brazos e a correcta colocación do torso.

- Realizar exercicios que inclúan relevés continuados en posicións en l'air, incluíndo $\frac{1}{4}$, $\frac{1}{2}$ e xiros completos coas zapatillas de puntas.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna emprega a forza necesaria para o control das subidas e das baixadas, mantendo a posición en l'air e coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza

- Realizar exercicios que inclúan xiros continuados e tour fouettes coas zapatillas de punta.

Con este criterio valorarase que a alumna emprega a forza necesaria para as correctas subidas e baixadas, coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza, coa velocidade e dinámica necesarias na execución destes xiros.

- Realizar exercicios que inclúan xiros combinados en manège coas zapatillas de puntas.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa de forma ligada e con velocidade os xiros empregando correctamente o espazo. Todo isto coa dinámica e control nas subidas e nas baixadas, coordinando brazos, torso e cabeza.

- Realizar saltos continuados sobre unha punta.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa coa forza e a axilidade o salto sobre a punta, controlando o equilibrio e mantendo a colocación de brazos e torso. En todos os exercicios de puntas valorarase a súa execución con suavidade, naturalidade e sensación de lixeireza.

- Realizar un exercicio para varóns que inclúa xiros dobres e triples en dehors e en dedans, en posicións en l'air e tours en l'air con diferentes terminacións (incluíndo posicións no chan).

Con este criterio valorarase que o alumno realiza os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante, que coordina o impulso dos brazos, do torso e da cabeza, que controla o remate das piruetas en posicións de maior dificultade e que executa os xiros coa potencia e velocidade propias dos varóns.

- Realizar un exercicio para varóns de piruetas continuadas á segunda, combinadas con sautillés.

Con este criterio comprobarase que o alumno executa as piruetas controlando o eixo sobre a perna portante e mantendo a posición á segunda ata o remate de mesma. Todo isto coa coordinación dos brazos do torso e da cabeza no impulso e coa potencia e velocidade propia dos varóns.

- Realizar un exercicio de pequena batería continuada.

Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a velocidade, axilidade e limpeza nos movementos, así como a elevación do salto no aire.



- Realizar un exercicio de grand allegro nos que se inclúan dobres xiros e batería nos saltos deste nivel
Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia no salto, a coordinación de brazos, torso e cabeza nos saltos xirados, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepazos e o correcto traslado do corpo no aire, cun correcto emprego do espazo.
- Realizar un exercicio que combine grandes saltos en manège.
Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia no salto, a coordinación de brazos, torso e cabeza nos saltos xirados, así como tamén o correcto traslado do corpo no aire, cun correcto emprego do espazo. Nos exercicios específicos de puntas e varóns poderanse pedir todos aqueles contidos que se estean traballando na clase de repertorio clásico.
- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.
Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade. En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.
- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización

Con este criterio comprobarase a capacidade do alumno para superar os factores subxectivos e ambientais que poidan influírle no seu rendemento.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización
- Realizar un exercicio de adagio con relevés no centro.
Con este criterio comprobarase que o alumno ten un emprazamento correcto do eixo nos movementos a pé plano e a relevé e que executa os movementos de forma ligada.
- Realizar un exercicio no que se combinen vales e piruetas dobres en dehors e en dedans en todas as posicións, xiros en posicións en l'air, así como tamén piruetas continuadas.
Con este criterio valorarase que o alumno realiza dobres piruetas con coordinación e sen perder a aliñación do corpo. Nas piruetas en posicións en l'air valorarase que o alumno mantén a posición no aire ata o remate da mesma.



6º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e re-coñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.
- Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor marque no momento.
Con este criterio valorarase que o alumno realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta, así como tamén que coñece a totalidade dos pasos que compoñen a barra dunha clase de danza clásica dese nivel.
- Realizar un exercicio de adagio con relevés no centro.
Con este criterio comprobarase que o alumno ten un emprazamento correcto do eixo nos movementos a pé plano e a relevé, que acadou maior flexibilidade na extensión das pernas e que executa os movementos de forma ligada, coa amplitude, sensibilidade e expresividade requirida pola música.
- Realizar un exercicio no que se combinen vales e piruetas dobres en dehors e en dedans en todas as posicións, xiros en posicións en l'air, así como tamén piruetas continuadas.
Con este criterio valorarase que o alumno realiza dobres piruetas con coordinación e sen perder a aliñación do corpo, amosando precisión no impulso e no remate dos xiros nas distintas posicións. Nas piruetas en posicións en l'air valorarase que o alumno mantén a posición no aire ata o remate da mesma. Todo isto coa limpeza e a fluidez nos entrepasos e nos vales das combinacións, cunha correcta utilización do espazo.
- Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúan dobres xiros combinados con xiros en posicións en l'air por piqué e por relevé.
Con este criterio comprobarase se os alumnos realizan os movementos de forma ligada, con coordinación e con velocidade, mantendo a posición ao longo de todo o xiro e sen perder a colocación do eixo do corpo.
- Realizar un exercicio de xiros que inclúa desprazamentos en manège.
Con este criterio valorarase que o alumno executa correctamente os cambios de dirección no espazo.
- Realizar un exercicio de saltos pequenos e medianos de batería que o profesor marque no momento.
Con este criterio valorarase que o alumno executa as combinacións de saltos con axilidade, velocidade, limpeza e coordinación, mantendo a suxeición do en dehors no momento da batida no aire.
- Realizar un exercicio de grandes saltos desde a diagonal, nos que se inclúan os saltos xirados e batidos propios deste nivel.



Con este exercicio comprobarase que o alumno acadou a potencia no impulso, a suxeición, amplitude e elevación da posición no aire, así como tamén a coordinación do corpo nos saltos xirados. Por outra banda valorarase a sincronización de impulsos nos entrepasos e medianos saltos que se inclúan nas combinacións, así como o correcto manexo do espazo.

- Realizar no centro exercicios que inclúan equilibrios en puntas sobre unha perna en diferentes posicións.

Con este criterio valorarase a forza, o equilibrio, o control muscular e a aliñación do eixo sobre a perna portante así como a suavidade dos brazos e a correcta colocación do torso.

- Realizar exercicios que inclúan relevés continuados en posicións en l'air, incluíndo $\frac{1}{4}$, $\frac{1}{2}$ e xiros completos coas zapatillas de puntas.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna emprega a forza necesaria para o control das subidas e das baixadas, mantendo a posición en l'air e coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza.

- Realizar exercicios que inclúan xiros continuados e tour fouettes coas zapatillas de punta.

Con este criterio valorarase que a alumna emprega a forza necesaria para as correctas subidas e baixadas, coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza, coa velocidade e dinámica necesarias na execución destes xiros.

- Realizar exercicios que inclúan xiros combinados en manège coas zapatillas de puntas.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa de forma ligada e con velocidade os xiros empregando correctamente o espazo. Todo isto coa dinámica e control nas subidas e nas baixadas, coordinando brazos, torso e cabeza.

- Realizar saltos continuados sobre unha punta.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa coa forza e a axilidade o salto sobre a punta, controlando o equilibrio e mantendo a colocación de brazos e torso. En todos os exercicios de puntas valorarase a súa execución con suavidade, naturalidade e sensación de lixeireza.

- Realizar un exercicio para varóns que inclúa xiros dobres e triples en dehors e en dedans, en posicións en l'air e tours en l'air con diferentes terminacións (incluíndo posicións no chan).

- Con este criterio valorarase que o alumno realiza os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante, que coordina o impulso dos brazos, do torso e da cabeza, que controla o remate das piruetas en posicións de maior dificultade e que executa os xiros coa potencia e a velocidade propias dos varóns.

- Realizar un exercicio para varóns de piruetas continuadas á segunda, combinadas con sautillés.

Con este criterio comprobarase que o alumno executa as piruetas controlando o eixo sobre a perna portante e mantendo a posición á segunda ata o remate de mesma. Todo isto coa coordinación dos brazos do torso e da cabeza no impulso e coa potencia e velocidade propia dos varóns.

- Realizar un exercicio de pequena batería continuada.



Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a velocidade, axilidade e limpeza nos movementos, así como a elevación do salto no aire.

- Realizar un exercicio de grand allegro nos que se inclúan dobres xiros e batería nos saltos deste nivel.

Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia no salto, a coordinación de brazos, torso e cabeza nos saltos xirados, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire, cun correcto emprego do espazo.

- Realizar un exercicio que combine grandes saltos en manège.

Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia no salto, a coordinación de brazos, torso e cabeza nos saltos xirados, así como tamén o correcto traslado do corpo no aire, cun correcto emprego do espazo. Nos exercicios específicos de puntas e varóns poderanse pedir todos aqueles contidos que se estean traballando na clase de repertorio clásico.

- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.

Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade. En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización

- Realizar un exercicio de adagio con relevés no centro.

Con este criterio comprobarase que o alumno ten un emprazamento correcto do eixo nos movementos a pé plano e a relevé e que executa os movementos de forma ligada.

- Realizar un exercicio no que se combinen vales e piruetas dobres en dehors e en dedans en todas as posicións, xiros en posicións en l'air, así como tamén piruetas continuadas.

Con este criterio valorarase que o alumno realiza dobres piruetas con coordinación e sen perder a aliñación do corpo. Nas piruetas en posicións en l'air valorarase que o alumno mantén a posición no aire ata o remate da mesma.



- Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúan dobres xiros combinados con xiros en posicións en l'air por piqué e por relevé.
Con este criterio comprobarase se os alumnos realizan os movementos con coordinación mantendo a posición ao longo de todo o xiro.
- Realizar un exercicio de xiros que inclúa desprazamentos en manège.
Con este criterio valorarase que o alumno executa correctamente os cambios de dirección no espazo
- Realizar un exercicio de saltos pequenos e medianos de batería que o profesor marque no momento
Con este criterio valorarase que o alumno executa as combinacións de saltos con axilidade, velocidade.
- Realizar un exercicio de grandes saltos desde a diagonal, nos que se inclúan os saltos xirados e batidos propios deste nivel.
Con este exercicio comprobarase que o alumno acadou a potencia no impulso, a suxeición, amplitude e elevación da posición no aire.
- Realizar no centro exercicios que inclúan equilibrios en puntas sobre unha perna en diferentes posicións.
Con este criterio valorarase a forza, o equilibrio e a aliñación do eixo sobre a perna portante
- Realizar exercicios que inclúan relevés continuados en posicións en l'air, incluíndo $\frac{1}{4}$, $\frac{1}{2}$ e xiros completos coas zapatillas de puntas.
Con este criterio preténdese comprobar que a alumna emprega a forza necesaria para o control das subidas e das baixadas, mantendo a posición en l'air.
- Realizar exercicios que inclúan xiros continuados e tour fouettés coas zapatillas de punta (8).
Con este criterio valorarase que a alumna coordina o impulso dos brazos o torso e a cabeza
- Realizar exercicios que inclúan xiros combinados en manège coas zapatillas de puntas.
Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa de forma ligada e con velocidade.
- Realizar saltos continuados sobre unha punta.
Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa o salto sobre a punta controlando o equilibrio.

5 Paso a dous_PAD

5º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Adquirir o hábito de traballar xuntos, con harmonía e coordinación
- Dominar os fundamentos do apoio, suspensión e suxeición.

Comprobarase que o alumno/a realiza correctamente a coordinación do impulso e suxeición nos portés.

Valorarase en todos os exercicios a sensibilidade artística amosada polo alumno/a.



A cualificación da avaliación obtense da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados, tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar unha variación que inclúa combinacións a terre con posicións da alumna en l'air e promenades en dehors e en dedans.

Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o coñecemento e dominio técnico do alumno para saber colocar a alumna no seu eixe, estando pendente da súa estabilidade e controlando as translacións do centro de gravidade da alumna.

Contidos mínimos: Preparación do promenade arabesque en dehors, en dedans (con dúas mans na cintura) Promenade completo en passé en dehors, en dedans (varón por diante e por detrás). Promenade á second en l'air con dúas mans (por diante e por detrás). Promenade completo na 4ª posición diante e attitude (con dúas mans). Grand rond de jambe en dehors en attitude e arabesque (con dúas mans, terminado coa man na cintura)

- Realizar unha variación que inclúa xiros en dehors desde a cuarta posición e xiros desde unha posición de relevé ou tombé en dehors e en dedans.



Con este criterio de avaliación preténdese comprobar se se asimilou e se comprendeu a técnica do xiro do paso a dous, colocación de mans, sincronización dos impulsos, etc., e se a alumna é capaz de manter con solidez e suxeición o seu corpo, axudando así ao alumno a situala en calquera desprazamento do seu eixe de equilibrio.

Pirouettes de 4^a en dehors (dobres e simples) Pirouettes de 4^a en dehors rematando á second en l'air. Pirouettes de 4^a en dehors rematando en attitude devant e derriere (en l'air). Pirouette de dedo seguido á cintura,rematando á seconde en l'air (por fouetté). Pirouette de dedo rematando en rond de jambe.

- Realizar unha variación que inclúa elevacións con fixacións de posicións no aire cos brazos do alumno estendidos cara a arriba.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a preparación física do alumnado, coa utilización do traballo e a forza das pernas e non das costas, a sincronización dos impulsos de ambos e a aprendizaxe adquirida desta técnica.

Elevacións a media altura (6 entrechat quatre). Sissone passé cambiando de pé. Sissone en arabesque (fermé, ouvert). Sissone failli assemblé e grand assemblé (desprazado). Glissadet emps levé passé, pas de chat. Temp levé á 2^a en l'air. Glissade jeté á 2^a. Tombé pas de bourré g lissade pas de chat

6º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Valorarase que cada compoñente asimila a súa función e cometido e o cumpre.
- Comprobarase que a relación de ambos é armónica e enriquecedora, sempre por arriba do individual.
- Valorarase que a parella utiliza os elementos técnicos sen brusquidade e con brillantez.
- Comprobarase que o trato é respetuoso entre a parella para o futuro exercicio profesional.

A cualificación da avaliación obtérase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.



MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar unha variación que inclúa combinacións a terre con posicións da alumna en l'air e promenades en dehors e en dedans.

Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o coñecemento e dominio técnico do alumno para saber colocar a alumna no seu eixe, estando pendente da súa estabilidade e controlando as translacións do centro de gravidade da alumna.

Promenade en arabesque con dúas mans na cintura (en dehors). Promenade en arabesque e attitude con unha man (en dehors). Rond de jambe co dúas mans na cintura (en dehors). Grand fouetté en dedans, rematando ao efacé (dúas mans na cintura)

- Realizar unha variación que inclúa xiros en dehors desde a cuarta posición e xiros desde unha posición de relevé ou tombé en dehors e en dedans.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar se se asimilou e se comprendeu a técnica do xiro do paso a dous, colocación de mans, sincronización dos impulsos, etc., e se a alumna é capaz de manter con solidez e suxeición o seu corpo, axudando así ao alumno a situala en calquera desprazamento do seu eixe de equilibrio.

Pirouettes de dedo rematando con développé diante e combinando con pirouette dúas mans na cintura. Pirouettes con impulso de unha man en dehors (desde o attitude e arabesque). Triple pirouette de dedo.

- Realizar unha variación que inclúa elevacións con fixacións de posicións no aire cos brazos do alumno estendidos cara a arriba.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a preparación física do alumnado, coa utilización do traballo e a forza das pernas e non das costas, a sincronización dos impulsos de ambos e a aprendizaxe adquirida desta técnica.

Changement italiano, Gissade temp de fleche (diante), Glissade grand jeté (por battement e développé ao efacé). Elevación no ombreiro (attitude diante), Poisson (desde o arabesque)

6 Pantomima_PIN

4º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Expresar a través dos xestos sentimentos e estados de ánimo.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado asimilou os códigos, os símbolos e os xestos, e a súa conexión cos sentimentos.

- Improvisar modos de actuar ante situacións e contextos marcados polo profesorado.

Este criterio permite valorar a imaxinación, a capacidade creativa e o grao de interiorización dos recursos do alumnado fronte a situacións diversas.

- Escenificar historias propias utilizando o material estudado na aula.



Con este criterio preténdese comprobar o desenvolvemento creativo e sensitivo do alumnado.

- Analizar e interpretar pequenas escenas dos ballets: *La fille mal gardee*, *Giselle* e *Coppelia*, encadrados no seu argumento, e facer unha comparativa dos estilos según as versións

Este criterio permite valorar a capacidade do alumnado para captar as características máis significativas de cada personaxe a nivel teórico e a súa aplicación práctica a través da mímica específica dos ballets

- Realizar traballos interpretativos dentro dunha obra coreográfica.

Este criterio pretende valorar a capacidade de resposta interpretativa do alumnado e a súa integración coa técnica da danza, así como a súa personalidade na proposta e a capacidade de transmitir.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados, tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.



MÍNIMOS ESIXIBLES

- Expresar a través dos xestos sentimentos e estados de ánimo.
- Escenificar historias propias utilizando o material estudado na aula.
- Analizar o personaxe, fisicamente e psiquicamente de a lo menos un ballet estudado no curso. De xeito teórico e práctico.

7 Danza clásica da especialidade de Danza Contemporánea_DCC

1º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.

- Realizar todos os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet que o profesor marque no momento (“plié”, “battement tendus”, “degagés”, “rond de jambe”, etc.) empregando o seu correspondente tempo así coma a coordinación dos brazos, pernas e cabeza.

Trátase de comprobar con este criterio a correcta colocación do corpo para a obtención duna base sólida e segura que permita ao alumno máis adiante realizar exercicios máis avanzados.

- Reproducir e interpretar un exercicio en tempo de adagio con “Port de bras” e diferentes posicións “a terre”.

Este criterio pretende comprobar a expresión artística, a interpretación e a sensibilidade musical no movemento

- Realizar a primeira vista pequenas variacións de pasos que inclúan equilibrios e os exercicios prepara-torios para a técnica do xiro “en dehors” e “en dedans”.

Este criterio pretende observar a coordinación de brazos, pernas e cabeza na preparación do xiro e no control do equilibrio de todo o corpo nun movemento con impulso ligado e continuado.

- Realizar, seguindo as indicacións do profesor, os exercicios que irán desenvolvendo a técnica do salto.

Este criterio pretende comprobar o impulso ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o control e suxeición do “demi plié” para o empurre e caída do salto, de dúas pernas ou unha soa, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto.



- Realizar no centro pequenas variacións, que o alumno/a debe memorizar tras telas indicado o mestre verbalmente, marcando os pasos dentro do seu correspondente ritmo.
Este criterio pretende comprobar e observar os reflexos, a memoria e a musicalidade dos alumnos/as.
- Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos polo espazo, marcados polo profesor no momento.
Búscase con este criterio observar o sentido do alumno respecto ao espazo, ás dimensións e ás direccións.
- Camiñar e realizar un saúdo improvisado por cada alumno sobre un fragmento musical.
Búscase con este criterio observar as cualidades necesarias para a estética da danza, como o desenvolvemento físico, a personalidade, musicalidade, harmonía e elegancia no movemento e a comunicación co público.
- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados, tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.
- Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque, tendo en conta o nivel e coñecemento de exercicios da programación deste curso. Incluirá: souplesse con tendu á segunda (só lateral), ba-ttement tendu en tournant con $\frac{1}{4}$ de xiro en dehors e en dedans en cruz,



jeté con dobre piqué ou pointé, rond de jambe en l'air, equilibrios en posicións en l'air a pé plano, dobre frappé en cruz.

Cos exercicios da barra o alumno deberá amosar unha correcta colocación e coordinación de brazos, cabeza e pernas.

- Realizar un exercicio de tendus no centro, que inclúa tendu en tournant por 1/8 de xiro.
- Valorarase se o alumno realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, cos seus brazos e coas diferentes direccións.
- Realizar un exercicio en tempo de adagio, que inclúa port de bras, pas de basque en dehors e en dedans en 4t, temp lié en avant e á second, promenade en retiré

Comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio de temps lie e mantén a suxeición da posición e o eixo no traballo do promenade.

- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e media en dedans e paso de vals en face con epaulement e paso de vals en tournant.

Comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirueta e a que executa os valeses con coordinación e fluidez.

- Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (temp levé en todas as posicións, glissade de coté, assemblé á 2ª, echappé que cae ao coupé)

Comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto.

- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

2º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN



- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.

- Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque, tendo en conta o nivel e coñecemento de exercicios da programación deste curso.

O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou coa colocación e coordinación necesaria os exercicios deste nivel.

- Realizar un exercicio de tendus no centro.

Con este criterio valorarase se o alumno realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, e coas diferentes direccións, cos seus brazos e os epaulement de cada un deles.

- Executar un exercicio de adagio.

Con este exercicio comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio de temps lie, execución do developpé coa suxeición da posición no aire, a colocación do corpo, a suxeición da perna portante e a extensión. O promenade sen perder a boa aliñación do corpo.

- Realizar algún exercicio de barra no centro (fondu, frappé, petit battement, grand battement, etc.).

Con este exercicio comprobarase se o alumno acadou o control do peso sobre unha perna no traballo a pé plano e a relevé, e o control do eixo nos cambios de dirección.

- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e en dedans.

Con este criterio comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirouette simple, a coordinación para o impulso do xiro (brazos, torso e cabeza) o paso da cabeza e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Valorarase nos valeses que se incorporen ao exercicio o tempo musical, o emprego flexible e continuado do plié para acadar a fluidez no desprazamento e a limpeza dos pés, así como tamén a respiración, a coordinación e a musicalidade do movemento.

- Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos e técnica inicial de batería.



Con este exercicio, comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto, a suxeición do torso e a elevación da pelve, a coordinación das pernas, brazos e cabeza, a elasticidade do plié e a correcta colocación do pé.

- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.

Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo a musicalidade do alumno.

- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados, tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización

- Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque no momento, que inclúan: soublesse en avant con tendu devant en plié, battement tendu seguido de $\frac{1}{2}$ fouetté ($\frac{1}{4}$ xiro) por promenade con plié, double fondu relevé a dobre tempo, piqué a 45° en cruz, chassé a 45° en cruz e rond de jambe pointé.

Cos exercicios da barra o alumno deberá amosar unha correcta colocación e coordinación de brazos, cabeza e pernas.

- Realizar un exercicio de tendus no centro, que inclúa battement tendu e jeté en tournant ($\frac{1}{4}$ de xiro) e tendu seguido de $\frac{1}{2}$ fouetté ($\frac{1}{4}$ de xiro) en dehors e en dedans.



Valorarase se o alumno realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, cos seus brazos e coas diferentes direccións.

- Executar un exercicio de adagio que inclúa grand rond de jambe en dehors e en dedans a 45° (por ¼), temps lies a 45° e promenade en retiré.

Comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio de temps lie e mantén a suxeición da posición nas posicións en l'air e o eixo no traballo do promenade.

- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa valeses ao ecarté e en tournant, piruetas de 5ª e de 4ª en dehors e en dedans.

Comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirueta e a que executa os valeses con coordinación e fluidez.

- Executar algún exercicio de saltos que inclúan echappé battu ao saír, jeté sauté e sissonne fermé en avant e de coté.

Comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto. Executar algúns exercicios en diagonal que inclúan soutenus en 1 tempo e piqués en dedans en 2 tempos.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística do alumno.

3º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos este curso.

- Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque, tendo en conta o nivel e coñecemento de exercicios da programación deste curso.

O alumnado poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou coa colocación e coordinación necesaria os exercicios deste nivel.

- Realizar un exercicio de tendus no centro.



Con este criterio valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo e cos seus brazos e epaulements correspondentes.

- Executar un exercicio de adagio.

Con este exercicio comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio de temps lie, execución do developpé coa suxeición da posición no aire a 90º, a colocación do corpo, a suxeición da perna portante e a extensión.

- Realizar un exercicio da barra no centro

Con este criterio preténdese comprobar se o alumno consolidou o traballo do control do peso a pé plano e a relevé

- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e en dedans, desde 4ª e desde 5ª posición.

Con este criterio comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirouette simple, a coordinación para o impulso do xiro (brazos, torso e cabeza) o paso da cabeza e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Valorarase nos vales que se incorporen ao exercicio o tempo musical, o emprego flexible e continuado do plié para acadar a fluidez no desprazamento e a limpeza dos pés, así como tamén a respiración, a coordinación e a musicalidade do movemento.

- Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.

Con este exercicio, comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto, a suxeición do torso e a elevación da pelve, a coordinación das pernas, brazos e cabeza, a elasticidade do plié e a correcta colocación do pé.

- Executar un exercicio de batería.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobara limpeza, axilidade e coordinación de pés e pernas na execución da pequena batería.

- Realizar no centro ou na diagonal algún exercicio sinxelo de grandes saltos

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a amplitude e elevación nos saltos, así como tamén a sincronización de impulsos nos entre pasos e o correcto traslado do corpo no aire.

- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.

Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo a musicalidade do alumno.



- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados, tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización

- Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque (Soupplesse cara a barra en relevé, Developpé a relevé 45°, Petit battement serré)

O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou coa colocación e coordinación necesaria os exercicios deste nivel.

- Realizar un exercicio de tendus no centro.

Con este criterio valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo.

- Executar un exercicio de adagio no que se incluan temp lies, developpés e pique ao arabesque a 45°.

Con este exercicio comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio de temps lie, execución do developpé coa suxeición da posición no aire a 45°, a colocación do corpo, e suxeición da perna portante.

- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e en dedans, desde 4ª e desde 5ª posición.



Con este criterio comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirouette simple, a coordinación para o impulso do xiro (brazos, torso e cabeza) e paso da cabeza. Valorarase nos vales que se incorporen ao exercicio o tempo musical, o emprego flexible e continuado do plié e a limpeza dos pés.

- Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (echappé, Petit sissonne combinado con assemblé)

Comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto, a suxeición do torso e a elevación da pelve, a elasticidade do plié e a correcta colocación do pé.

- Realizar no centro ou na diagonal algún exercicio sinxelo de grandes saltos (sissone)

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a amplitude e elevación nos saltos, e o correcto traslado do corpo no aire.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística do alumno.

4º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.

- Realizar os exercicios da barra que o profesor marque no momento, tendo en conta o nivel e coñecemento dos pasos da programación deste curso.

O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias, os exercicios deste nivel.

- Realizar un exercicio de tendus no centro

Con este criterio valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo e cos seus brazos e epaulements correspondentes.

- Executar un exercicio de adagio



Con este criterio preténdese comprobar que o alumno progresou na execución dos temp liés e developpés, obtendo unha maior extensión das pernas e un maior control do relevé a unha perna. No promenade en attitude e arabesque valorarase a boa aliñación do corpo. Valorarase que os exercicios se realicen de forma ligada.

- Realizar un exercicio da barra no centro

Con este criterio preténdese comprobar se o alumno consolidou o traballo do control do peso a pé plano e a relevé.

- Executar algún exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en dehors e en dedans.

Con este criterio valorarase a coordinación dos movementos nas dobres piruetas en dehors e en dedans e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Tamén se valorará o control do corpo no inicio das medias piruetas en grandes posicións. Asimesmo, comprobarase que o alumno/a realiza os valeses de forma fluída e flexible.

- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.

Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso.

- Executar un exercicio de batería

Con este criterio de avaliación preténdese comprobara limpeza, axilidade e coordinación de pés e pernas na execución da pequena batería.

- Realizar no centro ou na diagonal algún exercicio sinxelo de grandes saltos

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a amplitude e elevación nos saltos, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire.

- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.

Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno

- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.



En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados, tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización

- Realizar un exercicio de barra no que se incluan: ½ promenade en attitude derrière en dedans, Xiro en coupé, Piqué ao arabesque a 45°, Relevés seguidos en coupe, Doble rond de jambe en l'air a pé plano (baixiño, para a rapidez do pé), ½ promenade en attitude devant en dedans

O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias os exercicios.

- Realizar un exercicio de tendus.

Valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo

- Executar un exercicio de adagio.

Comprobar que o alumno progresou na execución dos temp liés e developpés, con un control mínimo do relevé a unha perna. Terá que executar medio promenade en attitude e arabesque.

- Executar algún exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en dehors e en dedans. Comprobarase que coñecen a técnica dos dobres xiros e que executan correctamente o xiro simple.
- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos. Royal, entrechat quatre, jette, assemble

Comprobarase o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso)



- Realizar no centro un exercicio de grandes saltos. Sissone failli assemblé Comprobar a amplitude e elevación nos saltos

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística do alumno.

5º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.

- Realizar os exercicios da barra que o profesor marque no momento, tendo en conta o nivel e coñecemento dos pasos da programación deste curso.

O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias, os exercicios deste nivel

- Realizar un exercicios de tendus no centro.

Con este criterio valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo e cos seus brazos e epaulements correspondentes.

- Executar un exercicio de adagio.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno progresou na execución dos temp liés e developpés, obtendo unha maior extensión das pernas e un maior control do relevé a unha perna. No promenade en attitude e arabesque valorarase a boa aliñación do corpo. Valorarase que os exercicios se realicen de forma ligada.

- Realizar un exercicio da barra no centro.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumno consolidou o traballo do control do peso a pé plano e a relevé.

- Executar algún exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en dehors e en dedans.



Con este criterio valorarase a coordinación dos movementos nas dobres piruetas en deors e en dedans e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Asimesmo, comprobarase que o alumno/a realiza os vales de forma fluída e flexible.

- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.

Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso.

- Executar un exercicio de batería.
- Con este criterio de avaliación preténdese comprobara limpeza, axilidade e coordinación de pés e pernas na execución da pequena batería.
- Realizar no centro un exercicio de grandes saltos

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a amplitude e elevación nos saltos, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire.

- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.

Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno.

- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados, tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.



Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización

- Realizar os exercicios da barra que o profesor marque no momento, tendo en conta o nivel e coñecemento dos pasos da programación deste curso. Contidos mínimos da barra: Souplesse circular en dehors e en dedans a pé plano, Fondu simple e dobre a relevé, Battement frappé subindo e baixando do relevé, Fouetté por piqué en dedans en l'air a 45°, Flic - flac en dehors y en dedans. O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias, os exercicios deste nivel.
- Executar un exercicio de adagio. Contidos mínimos: Developpé en arabesque a 45° rematado en relevé (desde pé plano, sen plié), Temps lié en l'air a 45° con cambios por relevé, Promenade en attitude en dehors, devant e derrière

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno progresou na execución dos temp liés e developpés, obtendo unha maior extensión das pernas e un maior control do relevé a unha perna. No promenade en arabesque valorárase a boa aliñación do corpo. Valorárase que os exercicios se realicen de forma ligada.

- Executar algún exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en dehors e en dedans e xiros continuados de 5ª combinados con vales e outros pasos de ligamento. Contidos mínimos: Piruetas continuadas de 5ª (4), Piruetas en dehors e en dedans en 4ª posición, Vales combinados e xirados. Con este criterio valorárase a coordinación dos movementos nas dobres piruetas en dehors e en dedans e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Asimesmo, comprobarase que o alumno/a realiza os vales de forma fluída e flexible.
- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos. Contidos mínimos: Assemblé double en dehors e en dedans, Entrechat cinq e entrechat quatre

Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso.

- Realizar no centro un exercicio de grandes saltos. Contidos mínimos: Fouetté sauté en dedans, Gran jeté en avant combinado con tombé pas de bourré, Assemblé en tournant



Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a amplitude e elevación nos saltos, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire

- Realizar un exercicio na diagonal que inclúa: Emboité piqué, Piqué en dedans

Con este exercicio compróbase que o/a alumn@ controla o eixo e o paso da cabeza nos xiros con desplazamento así como que o realiza de xeito coordinado.

- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical

Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno.

- Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.

6º CURSO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.

- Realizar os exercicios da barra que o profesor marque no momento, tendo en conta o nivel e coñecemento dos pasos da programación deste curso.

O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias, os exercicios deste nivel.

- Realizar un exercicio de tendus no centro

Con este criterio valorarase a realización dos battement tendu precisos con diferentes dinámicas, acentos e coas direccións corporais correctas en relación ao espazo.

- Executar un exercicio de adagio

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno progresou na execución dos temp liés e developpés, obtendo unha maior extensión das pernas e un maior control do relevé a unha



perna. No promenade en attitude e arabesque valorarase a boa aliñación do corpo. Valorarase que os exercicios se realicen de forma ligada.

- Realizar un exercicio da barra no centro

Con este criterio preténdese comprobar se o alumno consolidou o traballo do control do peso a pé plano e a relevé

- Executar algún exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en deors e en dedans.

Con este criterio valorarase a coordinación dos movementos nas dobres piruetas en deors e en dedans e o control do final do xiro nas posicións esixidas.

- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.

Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso.

- Executar un exercicio de batería

Con este criterio de avaliación preténdese comprobara limpeza, axilidade coordinación de pés e pernas na execución da pequena batería.

- Realizar no centro un exercicio de grandes saltos

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar a amplitude e elevación nos saltos, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire.

- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical

Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados, tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.
- Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.
- Realizar os exercicios da barra que o profesor marque no momento, tendo en conta o nivel e coñecemento dos pasos da programación deste curso coa colocación e coordinación necesarias
- Realizar un exercicios de tendus no centro.

Valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo.

- Executar un exercicio de adagio. Comprobar que o alumno progresou na execución dos temp liés e developpés con control do relevé a unha perna.
- Executar algún exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en dehors e en dedans.

Valorarase a coordinación dos movementos nas dobres piruetas en dehors.

- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.

Comprobar o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) así como a forza e elasticidade dos pés e suxeición do torso.

- Realizar unha improvisación individual a partir dun ou varios fragmentos musicais
- Realizar no centro un exercicio de grandes saltos.

Comprobar a elevación nos saltos e o correcto traslado do corpo no aire.
En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística do alumno.

7. Procedementos e ferramentas de avaliación

1. O procedemento de avaliación

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada, segundo as materias do currículo. O proceso de avaliación desenvolverase paralelamente ao proceso de ensinanza - aprendizaxe, tendo en conta as fases seguintes: avaliación inicial, avaliación formativa e avaliación sumativa ou final.

A avaliación inicial permitirannos orientar o proceso que debemos seguir e adecualo aos alumnos que o requiran.

A avaliación formativa reflectirase trimestralmente no boletín de avaliación do alumnado, para que tanto o profesor como os alumnos realicen os axustes necesarios para o logro dos obxectivos propostos.

A cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria nas materias de danza. Nas materias especificamente teóricas, a cualificación da avaliación final ordinaria virá determinada pola media (aritmética ou ponderada, segundo corresponda en cada PD) dos tres trimestre.

Os resultados da avaliación final das materias que compoñen o currículo, expresaranse mediante a escala numérica de 1 ao 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

A avaliación continua do alumnado esixe a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas para as distintas materias que constitúen o plan de estudos.

Cando as faltas de asistencia imposibiliten a aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación que permiten comprobar o logro das aprendizaxes establecidas para cada período de avaliación (máis do 25% das sesións da materia no período de avaliación), o profesor realizará unha proba previa á sesión de avaliación. Esta proba incluírá os contidos correspondentes ao período de avaliación e permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos en relación aos criterios de avaliación. No caso de materias de danza a proba consistirá nunha clase de danza que inclúa os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión. No caso de materias teórico/prácticas ou prácticas a proba consistirá na realización de exercicios que inclúan os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión.

Os alumnos e alumnas poderán realizar unha proba extraordinaria das materias non superadas. Esta proba será elaborada polos departamentos didácticos, que tamén establecerán os criterios de cualificación.

Os profesores avaliarán aos alumnos, tendo en conta a programación. Os criterios de avaliación establecidos no mesmo e concretados nas programacións didácticas serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas e dos contidos como o da consecución dos obxectivos.

A avaliación, supervisada pola xefatura de estudos, a realizará o conxunto do profesorado do alumno ou da alumna coordinado polo profesor ou profesora que desempeñen a titoría. Este profesorado actuará de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación e na adopción de decisión resultantes do proceso, dando prioridade en todos os casos a unha avaliación colexiada e unificada.

O resultado da avaliación traerá consigo os seguintes documentos: expediente académico persoal, actas de avaliación, libro de cualificacións e informes de avaliación individualizados.

A consignación de posibles validacións ou exencións de materias estará regulada polo que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na normativa.

O alumnado de Grao Profesional promocionará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, en dúas materias.

A cualificación negativa en tres ou máis materias dun curso ou varios impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

A non superación da materia de Danza Clásica impedirá en todos os casos a promoción ao curso seguinte.

O CDAN Lugo poderá autorizar a asistencia do alumnado cunha materia pendente ás clases das materias xa superadas, segundo as circunstancias.

O límite de permanencia nas ensinanzas profesionais do CDAN será de oito anos. O alumnado non poderá permanecer máis de dous anos no mesmo curso, bardante no sexto.

O alumnado que estea a cursar 6º de grao profesional e/ou 2ºBACH será avaliado no mes de maio, na data que determine a Consellería de Educación no calendario escolar, para que poida centrarse despois desta data nas probas de acceso á PAU ou ás ensinanzas superiores.

2. As ferramentas de avaliación

Para avaliar a adquisición de procedementos empregaremos como referentes os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación xerais e concretos de cada unha das materias estudadas ao longo do curso. A avaliación de actitudes e valores comprobarase na actuación global do alumno nos seus tres compoñentes: cognitivo, afectivo e de comportamento.

Así, utilizaremos ferramentas variadas de avaliación:

- a) A avaliación da aprendizaxe a través das actividades de ensino:
 - Observación do traballo dos alumnos para comprobar o seu progreso.
 - Revisión dos traballos dos alumnos durante as actividades diarias.
- b) As probas específicas de avaliación:
 - Probas obxectivas tipo test, de respostas curtas e/ou comentadas para analizar a capacidade de memorización, de concentración e o grao de comprensión de conceptos.
 - Probas de exposición temática para que mostren os seus coñecementos e a capacidade de organización e de expresión.
 - Entrevistas para explorar os intereses e as dificultades do alumno.
 - Autoavaliación e coavaliación

Homoxeneización e calibración

Durante este curso escolar 2023_2024, non existe máis dun grupo neste curso, polo que a homoxeneización e calibración está asegurada.

8. Criterios de cualificación

1. Alumnos con asistencia regular ás clases

Estes alumnos serán cualificados en función aos seguintes criterios nas **materias de danza**:

<p>ACTITUDE: a través da observación diaria, tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)</p>	<p>Valóranse os seguintes ítems:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Constancia e esforzo - Grao de participación activa - Respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - Autonomía 	<p>10%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS, a través de probas orais ou escritas, traballos, ou fichas.</p>	<p>Valórase a aprendizaxe dos contidos de forma teórica e comprensión e interiorización dos mesmos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario técnico, nomenclatura de DCL - Contidos teóricos de coreografías coreógrafos/as, bailaríns/as e contexto histórico. 	<p>10%</p>

EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA, a través da observación diaria na clase e unha proba práctica en cada trimestre.

- Traballo diario: Execución correcta dos bloques de contidos correspondentes ao curso: barra, centro, adagio, xiros, allegro, improvisación, puntas/varóns. Tendo en conta a técnica, coordinación, musicalidade e expresividade. 75%

80%

- Proba práctica cos contidos de cada trimestre 25.%

***A cualificación da avaliación obtense da nota media dos criterios de avaliación de cada epígrafe, tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.**

2. Faltas de asistencia e avaliación

Cando as faltas de asistencia superen o 25% das sesións da materia no período de avaliación, o profesor realizará unha proba previa á sesión de avaliación. Esta proba incluírá os contidos correspondentes ao período de avaliación e permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos en relación aos criterios de avaliación. No caso de materias de danza a proba consistirá nunha clase de danza que inclúa os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión. No caso de materias teórico/prácticas ou prácticas a proba consistirá na realización de exercicios que inclúan os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión.

Estes alumnos realizarán un único exame sobre os contidos do trimestre, que constará das seguintes partes:

- Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación.
- Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.

O exame práctico consistirá nunha clase que conste de barra e centro na que se inclúan contidos propios do nivel do curso.

O exame teórico consistirá nunha proba oral ou escrita sobre os contidos teóricos especificados para o curso correspondente.

A cualificación final obtense da suma de todos os apartados.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor será o responsable de formular a promoción a cursos superiores do seu alumnado, a petición dos profesores que lle dan clase, tras decidir por unanimidade a posibilidade de ampliación de matrícula deste alumno ou alumna.

A proposta de ampliación de matrícula efectuaranse ao longo da 1ª avaliación, facilitando a incorporación do alumno/a a comezos do trimestre seguinte.

O alumno ou alumna ou os seus pais e nais se son menores de idade, terán que solicitar á ampliación de curso á Dirección na administración do centro.

Cada profesor titor comunicará á Xefatura de Estudos a proposta de ampliación de matrícula, cun escrito elaborado polo profesorado do alumno ou alumna, no que se defenda a citada promoción ante o máximo

organismo colexiado do Conservatorio, que será levado a unha reunión do Consello Escolar no mes de decembro.

Non se admitirán ampliacións de matrícula que impliquen un cambio de grao.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de suspender un trimestre, a parte práctica recuperarase no seguinte, dado o carácter continuo da avaliación. A parte teórica recuperarase a través dunha proba sobre os contidos correspondentes antes da avaliación final ordinaria.

Probas extraordinarias

Estos alumnos realizarán un único exame sobre os contidos do trimestre, que constará das seguintes partes:

- Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación.
- Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.

O exame práctico consistirá nunha clase que conste de barra e centro na que se inclúan contidos propios do nivel do curso.

O exame teórico consistirá nunha proba oral ou escrita sobre os contidos teóricos especificados para o curso correspondente.

A cualificación final obterase da suma de todos os apartados.

ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON MATERIAS PENDENTES

No suposto de alumnado que promociona coa materia de DCL pendente, a súa recuperación deberá realizarse na clase do curso seguinte.

A este alumnado se lle fará un seguimento por parte do profesor que lles de clase no curso actual, que propondrá actividades, traballos e exames que lle permitan aprobar a materia pendente. En caso de non aprobar nin na 1ª nin na 2ª avaliación, realizará, no mes de maio, un exame sobre os contidos correspondente ao curso suspenso.

Estos alumnos realizarán un único exame sobre os contidos do trimestre, que constará das seguintes partes:

- Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación.
- Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.

O exame práctico consistirá nunha clase que conste de barra e centro na que se inclúan contidos propios do nivel do curso.

O exame teórico consistirá nunha proba oral ou escrita sobre os contidos teóricos especificados para o curso correspondente.

A cualificación final obterase da suma de todos os apartados.